

GALARDÓN

Murado, Fernández Paz e Marica Campo, premiados pola AELG

O poemario da escritora luguesa, «Sextinario», recupera unha métrica que foi utilizada por vez primeira por trovadores

«O soño da febre» e «O único que nos queda é o amor», galardoados como mellores libros de narrativa

La Voz | 28/4/2008

Miguel Anxo Murado, Agustín Fernández Paz e Marica Campo foron tres dos gañadores dos premios que anualmente convoca a Asociación de Escritores en



Lingua Galega para salientar as mellores obras publicadas cada ano. Xunto aos tres autores tamén foron galardoados na cea celebrada na noite do sábado en Compostela, Justo Beramendi, Yolanda Vilarchao, Millán Picouto e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Entre a multitude de finalistas que designan os premios dos escritores en galegos, o libro de relatos do escritor e xornalista Miguel Anxo Murado foi escollido como o mellor dos publicados en Galicia durante o 2007 no apartado de

narrativa. O soño da febre, editado por Galaxia, é unha colección de relatos co fío condutor da febre.

No apartado poético os escritores sinalaron como mellor libro do ano pasado a Sextinario: trinta e seis máis tres, de Marica Campo. Editado por Sotelo Blanco, a poeta chairega recupera nel unha métrica que se utilizou por primeira vez na poesía trovadoresca.

Na literatura infantil e xuvenil, unha categoría competida, o gañador foi O único que queda é o amor, un libro publicado por Xerais co que o seu autor, Agustín Fernández Paz, pretendía sobardar no posible os límites da literatura deste xénero.

No apartado de teatro, resultou seleccionada unha obra que non pasa polos escenarios. Millán Picouto co seu Ciclo de Marte foi elixido como mellor libro publicado, pola ourensá Linteo, en teatro no 2007.

Na sección de ensaio, máis curta en finalistas, os escritores galegos inclináronse por premiar a voluminosa obra de Justo Beramendi Da provincia á nación. Historia do galeguismo político. O amplísimo reconto dos avatares do galeguismo foi publicado por Xerais. Na categoría de tradución resultou escollida a que Yolanda Vilarchao realizou para Rinoceronte sobre os Poemas Canónicos de Kavafis.

No premio que repasa traxectorias xornalísticas o galardado para este ano foi o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín.

Homenaxes

Cada ano desde a fundación destes premios a Asociación de Escritores en Lingua Galega sinalan a institucións que defenden a cultura do país. Este ano, o premio recaeu na Mostra de Teatro de Ribadavia como o festival de teatro máis veterano e con máis proxección do país, ademais de ser clave no seu día para a aparición dunha xeración de dramaturgos que conformou a primeira liña da escrita escénica en Galicia. Rubén García, director da Mostra, recibiu este premio despois de que hai un mes os profesionais do teatro recoñecesen o seu labor cun María Casares de honra.

Ademais destes premios, a AELG designa cada ano a un escritor como «galego universal». Este ano foi a poeta e ensaísta cubana Nancy Morejón a que recibiu este nomeamento polo que dixo sentirse «moi honrada» e lamentou non «saber falar galego» para corresponder como sería necesario.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.